

Orzamento e contía das axudas

A dotación destinada a esta convocatoria é de **180.000 euros**

O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80 % do seu orzamento nin da cantidade de 10.000 euros.

Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na **Sede electrónica da Deputación de Pontevedra** (<https://sede.depo.gal>).

O prazo de presentación será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e na Base de Datos Nacional de Subvencións.



Pazo provincial
Avda. Montero Ríos, s/n
36071 Pontevedra

benestarsocial@depo.es
986 804 100

PONTEVEDRA, PROVINCIA



IN
CLU
SIVA



Finalidade

Subvencionar proxectos de mellora da accesibilidade arquitectónica e da accesibilidade na comunicación, así como para axudas técnicas.


Para quen?

Entidades de iniciativa social sen fins de lucro que actúen nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e que cumpran os requisitos establecidos nas bases.



Gastos subvencionables

- Gastos derivados das **obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles** nas instalacións das entidades solicitantes.
- **Os custos de redacción da memoria do proxecto**, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra de reforma ou acondicionamento.
- Gastos para **adquirir sistemas inclusivos de comunicación**, informáticos, audiovisuais, dispositivos braille, sintetizadores de voz, dispositivos de alarma mediante sinais luminosos ou acústicos ou mediante vibracións etc.



- Gastos derivados de **adquirir axudas técnicas** relacionadas coa mobilidade e co coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiéscaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante.

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables anteriormente descritos.

